

## AER DENUNCIA A FALLA DE ACCESIBILIDADE EN REDONDELA CUNHA CAMPAÑA DE SINALIZACIÓN CON PICTOGRAMAS



No pleno municipal do 29 de setembro do 2016 foi aprobada por unanimidade dos grupos, unha **moción sobre a Sinalización con Pictogramas en Espazos Públicos**, co obxectivo de traballar cara a accesibilidade universal como unha condición imprescindible para que tódalas persoas poidan exercer os seus dereitos de forma igualitaria e desenvolverse libremente na nosa vila, acordando, entre outros puntos: “Sinalizar con pictogramas os edificios, dependencias, instalacións e espazos públicos do Concello de Redondela.”

**Na actualidade, un ano e medio despois da aprobación da moción, ningún espazo público do Concello de Redondela está aínda sinalizado con pictogramas.**

Dende AER queremos iniciar un pequeno **programa de concienciación** orientado aos establecementos privados da nosa vila co reparto de pictogramas, tentando continuar con este labor iniciado no ámbito público. Para elo, imprimimos máis de 500 pictogramas para máis de 100 tipos de establecementos diferentes.

**Que é un pictograma? É unha representación visual dunha realidade que garante a comprensión da mensaxe que emitimos, poñendo imaxes ás palabras**, ademais de facilitar a expresión. Indícanos o acceso e uso dos diferentes servizos e danos seguridade. Responden a preguntas como: “Que vou facer?” ou “Onde debo ir?”

Son varios os colectivos que se verán beneficiados por este tipo de adaptacións e atoparán nos pictogramas unha valiosa axuda como: persoas con TEA (autismo), diversidade funcional cognitiva, con alteracións na fala, persoas maiores, estranxeiros ou persoas analfabetas funcionais.

[Os símbolos pictográficos utilizados son propiedade do Goberno de Aragón e foron creados por Sergio Palao para ARASAAC (<http://arasaac.org>) o cal os distribúe baixo a licenza Creative Commons (BY-NC-SA)].

Redondela, a 25 de abril de 2018